

Martes, 25 de maio de 2021

Núm. 97

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RODEIRO

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO QUE CURSA ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL NO CURSO 2020-2021

ANUNCIO

Na Xunta de Goberno Local do 12.05.2021 aprobouse realizar a convocatoria para o curso lectivo 2020-2021 das axudas reguladas pola Ordenanza para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello que cursa estudos fóra do termo municipal.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA O CURSO 2020-2021

Obxecto e finalidade

Facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar ás familias polos gastos que teñen que afrontar no desprazamento dos estudantes fóra do termo municipal.

Estas axudas financiaranse con cargo á partida orzamentaria 320/480, co límite de 14.000,00 €.

Destinatarios

Os alumnos que estean cursando estudos oficiais de Bacharelato ou Formación Profesional en centros públicos que estean situados en concellos limdeiros ao de Rodeiro e cumpran cos requisitos establecidos na Ordenanza reguladora.

Solicitud e documentación

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Para elo deberase empregar o modelo oficial dispoñible na páxina web do Concello -www.rodeiro.org- e achegar a documentación que se sinala na ordenanza reguladora.



Martes, 25 de maio de 2021

Núm. 97

Contía

Determinarase en función do lugar de residencia do beneficiario de acordo co disposto na ordenanza. No caso de que o número de solicitudes admitidas superen o importe da partida orzamentaria, estes reduciranse de xeito lineal e proporcional ata axustalas ao crédito dispoñible.

En todo o non previsto nesta convocatoria respectarase o disposto na ordenanza reguladora, publicada no BOP núm. 244, do 18 decembro de 2015, coa modificación publicada no BOP núm. 93, do 16.05.2017 e, de xeito supletorio na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Rodeiro, na data da sinatura electrónica

O alcalde,

Rubén Perfecto Quintá Quintá

